




HERBÓN E O RÍO ULLA

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2025



Distancia: 7 km
Dificultade: baixa



Herbón é unha parroquia do concello de Padrón, asentada na aba do suroeste do monte Meda e na aba do oeste do Castro Valente, e atravesada polo río Ulla. Ten recoñecida súa sona polos seus típicos pementos aos que lle dedica unha festa, cada primeiro sábado de agosto, desde o ano 1978; mais tamén é un fermoso lugar para unha camiñada que, en pouco máis de 5 km, nos permite coñecer e gozar de elementos de interese natural, histórico artístico e etnográfico.



RÍO ULLA

É o segundo máis importante de Galicia despois do Miño-Sil cunha lonxitude de 132 quilómetros, desde que nace en terras de Monterroso a 640 m de altura, ao norte da serra do Farelo, até que desemboca na ría de Arousa entre Padrón e Pontecesures formando un amplo esteiro de grande riqueza ecolóxica, protexido como no LIC "Sistema fluvial Ulla-Deza".

Percorre varias comarcas, ás que lle da nome; a Ulloa, a Ulla e o Ullán.

Xunto cos seus afluentes conforma unha rede de lugares de grande interese paisaxístico, xeolóxico, botánico, histórico ou etnográfico. A diversidade de rochas que atravesa (xistos, gneis, anfíbolitas, granitos...) contribúe a formar paisaxes moi variadas.

Os ecosistemas son moi variados, desde os bosques de ribeira até o esteiro e as marismas da desembocadura e as súas augas son ricas en especies piscícolas. É o único río da vertente atlántica galega no que hai salmón e ademais abonda a lamprea.

PERCORRIDO

Comezamos na carballeira que hai ao pé do **mosteiro de Santo Antón**, na que a maiores dos carballos atoparemos varias **sobreiras** de características sobresaíntes, desde ela, ao pé do cruceiro, imos pola pista da esquerda que baixa ao río. Na curva, onde se atopan os indicadores da ruta, deixamos a estradiña para ir río abaixo, por un espazo acondicionado - pola sombra dun fermoso bosque de ribeira no que a maiores dos freixos e os salgueiros, e as numerosas especies de mato e herbas acompañantes (incluídas algunhas especies invasoras), iremos atopando moi bos exemplares de carballos e piñeiros- en busca das primeiras **pesqueiras**, aínda en uso, nas que entre os meses de xaneiro e abril se instalan os **vituróns** para capturar as lampreas; a primeira que se atopa é a **pesqueira das Bellas** e preto dela tamén podemos ver unha **embarcación** “particular”, a única da zona que conserva as características propias das que se empregaban tradicionalmente nos traballos das pesqueiras. Continuando o camiño augas abaixo pasamos, por unha pontella de madeira, o rego de Castrelo, e uns 600 m adiante, collendo no cruzamento o ramal máis próximo ao río, imos dar á **pesqueira das Areas**. O camiño segue, pero nos damos volta por onde viñemos até a estrada e, desde alí continuamos pola beira do río, por debaixo do valado do convento até chegar á ponte. Do outro lado da ponte atópase o lugar da **Barca** -que fai referencia ao o punto no que unha barca permitía cruzar a corrente antes de que se construísen as pontes- e o único muíño que atopamos na zona. Continuando a ruta sinalada, pola beira do río, atopamos a **pesqueira da Canle**. Un pouco máis adiante o camiño complicase, comeza a ter curtas subidas e baixadas por terreo irregular, até chegarmos a **pesqueira da Traba** ao pé da que se atopa o límite da parroquia, onde comeza a pista que sube ao miradoiro. Damos a volta polo mesmo percorrido até a ponte, onde collemos pola pista que sube á dereita para ir ver a **igrexia de Santa María**, románica do século XII, unha beleza con todos os elementos propios do estilo. Saíndo do adro imos á dereita (uns 200 m) para desviarnos logo á esquerda e (noutros 200 m) chegar ao punto de partida.



Palmeira
datileira



Convento de Santo Antonio de Herbón

Fundado en 1396 por frei Gonzalo Mariño e frei Pedro de Nemancos, pasou por diferentes etapas: de 1701 a 1985 foi colexio de misioneiros; en 1808 foi atacado polas tropas francesas; de 1865 a 1884 foi seminario menor; de 1931 a 1995 foi convento e colexio. Actualmente acolle varios franciscanos.

Destaca o seu claustro, a dependencia do arcebispo, a fonte de San Bieito, que verte auga polo peito, así como o altar con obras de Benito Collazo, Gambino, José Ferreiro ou Puente.

San Francisco,
talla atribuída a
Ferreiro





Sobreiras na carballeira de Herbón



Santa María de Herbón

Igrexa románica da segunda metade do século XII que foi mandada construír polo Arcebispo Xelmírez. Ten unha soa nave de planta rectangular.




Pesqueira da Traba

AS PESQUEIRAS son os lugares ou as construcións para a captura de lamprea. Están formadas por unha serie de muros separados por ocos (boquetes) que arrancan das beiras e cruzan o río no sentido perpendicular á corrente. As súas dimensións normalmente son de 3 metros de alto por 2 de lado. Nos boquetes sitúanse os vuituróns para pescar. Están documentadas desde o século IX (aínda que o seu uso puidera ter orixe romana) e foron moi abondosas na Idade Media.



Pesqueira da Canle
e canle para o muíño





Pesqueira das Bellas



Pesqueira da Areas

Vista aérea do tramo do Ulla na zona da ruta. Entre as pontes vense varias pesqueiras.

Na súa entrada en terras de Padrón o **Ulla** encáixase entre os montes do Castro Valente e Meda e logo ábrese nun amplo esteiro antes de morrer na ría de Arousa.

